

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que o Pleno deste concello na sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

9.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Vista a providencia da alcaldía de data 4 de abril de 2022, que copiada literalmente dí:

PROVIDENCIA DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

O Concello de Meira conta cunha Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras cuxa data de vixencia é do 21 de novembro de 1989 (BOP de Lugo núm. 269).

Durante este tempo, téñense producido cambios normativos e sociais que fan aconsellable unha actualización normativa do texto da Ordenanza municipal e na que se recollan aspectos tan importantes como aquelas bonificacións que permitan mediante a modificación da mesma introducir incentivos á actividade económica no noso concello.

Por elo, se entende necesario a incorporación na mesma da figura non só da solicitude de licenza municipal senón tamén da declaración responsable ou comunicación previa para a determinación do feito imponible. Asemade, enténdese necesario a incorporación daquelas bonificacións que se recollen no artigo 103 da Lei de facendas locais tanto para as construcións, instalación ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade pública (95%), aquelas que incorporen sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar (95%), as relativas ás vivendas de protección oficial (50%), as que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade, así como aquelas obras necesarias para a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos (90%).

A modificación proposta non implica impacto por razón de xénero.

Estímase a non necesidade de realizar un estudo económico dos cambios normativos propostos.

*En base ao anteriormente sinalado, **DISPOÑO:***

Primeiro.- *A incoación do expediente para a modificación da Ordenanza fiscal do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Meira e cos seguintes cambios:*

-Art. 2: Natureza, feito imponible e exencións.

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, a realización, en todo o termo municipal de Meira, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivera ou non a dita licenza ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este municipio.



2. Para estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:

- a) Construción de toda clase de edificación e instalación de nova planta.
- b) Derrubamentos
- c) Obras que afecten ao interior ou exterior de edificios.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e de rede de sumidoiro.
- f) Obras que se realicen en cemiterios.
- g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas que requiran a existencia previa dun acordo ou dunha concesión. Nestes casos, a licenza entenderase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento dos trámites preceptivos.

4. Non se entenderán incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións ou obras autorizadas en proxectos de urbanización.

5.- Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades autónomas ou as entidades locais, que, estando suxeita ao mesmo, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como da súa conservación.

Art. 4. Base imponible, cota e devengo.

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

2. Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material, sempre que a existencia e contía destes conceptos resulten dos respectivos contratos, orzamentos ou documentos suficientemente acreditativos.

3. A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.

4. O tipo de gravame será do 2 %.

5. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza ou, no seu caso, non se presentase ou non surtise efectos xurídicos a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Art. 9. Bonificacións.

1.- Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais,



culturais, histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado. O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á documentación presentada polo. O Concello deberá comprobar, no exercicio seguinte ao de remate das obras e, en todo caso, antes do período de prescrición da débeda, o cumprimento efectivo das condicións de goce do beneficio e, de ser o caso, regularizará a situación tributaria. Para a correcta comprobación do cumprimento dos requisitos o interesado deberá achegar a documentación solicitada polo Concello.

2. As construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo gozarán dunha bonificación do 50%. Para a aplicación desta bonificación será necesario que os colectores obxecto da instalación dispoñan da correspondente homologación administrativa. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte da cota correspondente ás construcións, instalación ou obras destinadas estritamente á fin indicada e en ningún caso se concederá se a construción, instalación ou obra non está amparada pola correspondente licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Para a súa concesión será requisito a solicitude expresa do obrigado ao pago no prazo máximo de tres meses dende a concesión da licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa, acompañando copia do presuposto de obra que determine razoadamente o custo que supón a parte da construción, instalación ou obra bonificable, identificación da licenza de obras ou orde de execución ou declaración responsable ou comunicación previa presentada que a ampara, así como calquera outra documentación que o interesado estime oportuna. A devolución que xere a eventual concesión deste beneficio fiscal recibirá o tratamento a efectos de xuros previsto no artigo 31 da Lei xeral tributaria, aprobada pola Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Este beneficio fiscal terá carácter provisional en tanto polo concello non se proceda á comprobación dos feitos e circunstancias que permitiran o seu desfrute e se dite a correspondente liquidación definitiva, se aprrobe se é o caso a correspondente acta de comprobado e conforme ou transcorran os prazos para a súa comprobación.

3. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes aportarán, xunto coa solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa da actuación que se pretende, a correspondente cédula de cualificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa.

4. Aplicarase unha bonificación do 90% a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan para mellorar o acceso e habitabilidade a discapacitados. Entenderanse como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as destinadas a:

- Reforma interior da vivenda para a adecuación á discapacidade de calquera persoa que resida ou vaia residir habitualmente na mesma.*
- Modificación de elementos comúns do edificio que sexan paso necesario entre a vivenda da persoa con discapacidade e a vía pública, tales como escaleiras, ascensores, corredores, portais ou calquera outro elemento arquitectónico.*
- A aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da seguridade de calquera persoa con discapacidade que resida habitualmente nunha vivenda do edificio.*



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Non se entenderan como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as que, calquera que sexa o seu destino, se realicen en inmobles que por prescrición normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriamente.

No inmovible no que se van a realizar as obras bonificadas, deberá estar empadroada, e formando parte da unidade de convivencia, a persoa con discapacidade física ou sensorial a longo prazo. A estes efectos o empadroamento no inmovible deberá manterse, polo menos, desde a data de finalización das obras ata o remate do prazo para realizar a comprobación e/ou inspección fiscal correspondente.

Entenderase que teñen a condición de persoas con discapacidade as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. O grao de discapacidade deberá acreditarse mediante certificado do órgano competente da Xunta de Galicia.

Por parte do Concello valorarase o cumprimento dos requisitos e condicións necesarias para o disfrute desta bonificación coa incorporación ao expediente dos informes da Traballadora Social e do técnico municipal en materia urbanística.

5. Gozarán dunha bonificación do 90% aquelas construcións, instalación e obras que sexan necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos no termo municipal de Meira. Esta bonificación atópase condicionada a que as instalacións dispoñan da homologación pola Administración con competencias na materia.

Segundo.- *Que se acheguen ao expediente todos aqueles informes que sexan necesarios para proceder á súa adxudicación.*

Terceiro.- *Que se eleve ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, se procede.”*

Visto o informe-proposta de secretaria de data 4 de abril de 2022, que copiado literalmente dí:

INFORME-PROPOSTA EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

Antecedentes administrativos:

Primeiro.- *O Concello de Meira conta cunha Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) cuxa data de vixencia é do 21 de novembro de 1989 (BOP de Lugo núm. 269).*

Segundo.- *O Alcalde do Concello de Meira dita en data 4 de abril do 2022, providencia na que se insta á modificación da Ordenanza fiscal municipal reguladora do ICIO.*

Fundamentos xurídicos:

1.- Competencia que se exerce.

O exercicio da potestade regulamentaria por parte das entidades locais contéplase expresamente no art. 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL), así como no art. 6.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e no art. 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC en adiante). Dita potestade, como a normativa citada sinala, exercerase no ámbito das súas competencias.

Corresponde, pois, determinar que a iniciativa normativa responde a unha competencia provincial, ou fin institucional, nos termos da LBRL ou lexislación complementaria, considerando tamén a Lei galega 5/2014, de medidas urxentes derivadas de la entrada en vigor de la Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (segundo o alcance definido polo Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación con la propia Lei



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

5/2014), e especialmente nos termos correspondentes tras os pronunciamentos do TC (SSTC 41/2016; 11/2016 y 168/2016) ao respecto.

O Concello de Meira conta cunha ordenanza fiscal reguladora do ICIO e que foi publicada no número 269 do 21.11.1989. O tempo transcorrido xunto cos cambios normativos vividos durante o tempo de vixencia da mesma, implican a necesidade de contar cun instrumento normativo actualizado.

Xustifícase ter que levar a cabo esta modificación na necesidade de regular unha serie de bonificacións, en aras a acadar unha maior seguridade xurídica na aplicación deste instrumento normativo de carácter tributario e favorecer e dinamizar a actividade económica e social no termo municipal.

2. Procedemento e órgano competente.

No que atinxe ao primeiro destes puntos é obrigado analizar que preceptos da LPAC son aplicables ás Entidades Locais logo da STC 55/2018. Partindo do seu FD 7c) e da doutrina examinada enténdese: o carácter potestativo da planificación normativa anual que enuncia o art. 132 da LPAC; e a aplicabilidade dos arts. 129 e 130, e o primeiro inciso do apartado 1 e o primeiro parágrafo do apartado cuarto do art.133.

Considerando o anterior e segundo os preceptos que se citan, a aprobación da modificación do expediente da Ordenanza fiscal que nos ocupa require dos seguintes trámites:

1.- Plan normativo anual. Pese a entender que, en razón ao exposto, a súa redacción sería potestativa, aconséllase a súa redacción ao existir opinións en sentido contrario.

2.- Consulta previa segundo o art. 133.1 da LPAC, salvo que concorran razóns que a fagan innecesaria, entendendo que como tales poderían considerarse as do art. 133.4, aplicando directamente o seu parágrafo 1º, e o 2º por supletoriedade ou analoxía.

Por outra banda, o Informe da Dirección Xeral de Tributos do 19.01.2018, e relativo ao impacto da Lei 39/2015 no procedemento de aprobación das ordenanzas fiscais, sinalou que o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata da aprobación dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha que xa fóra aprobada con anterioridade, podería obviarse xa que se trata dunha regulación parcial da materia.

A Sentenza do TSX de Castela e León do 14 de xuño de 2018, ao analizar o incumprimento do requisito de participación cidadá na elaboración da ordenanza fiscal, entende que:

“A ausencia do devandito trámite de información pública non pode considerarse como causa de nulidade de pleno dereito da Ordenanza, ao ter meros efectos internos de preparación da redacción de proxectos de Ordenanzas, non tendo que ser as opinións que se manifestasen nin admitidas nin sequer contestadas, carecendo de efecto vinculante algún, sen prexuízo de que a actividade regulada non ten impacto significativo na actividade económica dada que se trata dunha taxa por servizos que xa viñan prestando e abonando polos veciños na súa calidade de usuarios dos distintos servizos.”

3.- Elaboración da Memoria de análise do impacto normativo, ou xustificativa da ordenación que se propón.

Se ben é discutible a esixencia desta Memoria respecto das EELL, son de considerar o deber xenérico de motivación e interdicción da arbitrariedade, principios de boa regulación, e mesmo o art. 7 d) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTBG en adiante). Respecto dos seus contidos podería acudir-se supletoriamente ao art. 26 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno ou, cando menos, tratando puntual e suficientemente os principios que se sinalan no art. 129 da LPAC. Necesariamente trataríanse as suxestións ou observacións que se puideran ter presentado na consulta previa. Así mesmo, e segundo as circunstancias propias da norma, podería engadir a avaliación da normativa provincial vixente e a súa adaptación aos principios do art. 129 (ex art. 130 LPAC).

Esta memoria incluíría o informe do impacto por razón de xénero, nos casos de ordenacións de especial relevancia económica, social, cultural e artística (art. 19 da LO 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes), considerando a súa innecesariedade cando tal incidencia non existe.

O Alcalde do Concello de Meira sinala que a modificación proposta non implica impacto por razón de xénero.



4.- Memoria ex art. 7 da LO 2/2012, de 27 de abril, respecto das súas repercusións e efectos e cumprimento dos principios de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

O Alcalde do Concello de Meira estima a non necesidade de realizar un estudo económico dos cambios normativos propostos.

5.- Proposta de Ordenanza fiscal modificada, incluíndo os cambios normativos propostos na mesma.

6.- Informe de Secretaría referido art. 3.3 d) 1º do RD 128/2018.

7.- Proposta de acordo que figura na Providencia do Alcalde do Concello de Meira.

8.- Acordo de aprobación inicial polo Pleno do Concello (arts. 33.2 b) e 15 do TRLFL), que non esixe de maioría absoluta do seu número legal de membros ao non tratarse dun Regulamento Orgánico (art. 47.2 f LBRL).

Dado que non existe comisión informativa (agás a de especial de contas), non sería necesario o ditame da mesma, someténdose directamente á aprobación polo Pleno.

9.- Información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días (art. 17.1 TRLFL), que ao non especificarse haberán estimarse hábiles (art. 30.2 LPAC).

Os anuncios de exposición pública efectuaranse no BOP por disposición do art. 45.3 da LPAC. Así mesmo, segundo o art. 7 (en relación co 5.4) da LTBG, haberán de publicarse na web ou sede electrónica “os proxectos de regulamentos ou iniciativas normativas, na súa fase de exposición pública, máis as súas memorias e informes.”

Isto implica que nos anuncios no BOP debería facerse remisión ao lugar da sede electrónica ou web no que se encontra a disposición de calquera interesado a referida documentación. Por este motivo, o primeiro anuncio sería o da propia web ou sede electrónica.

En todo caso, os documentos sometidos a información pública omitirán os datos de carácter persoal que puideran constar no expediente e non ser susceptibles de publicación (de ser o caso).

O prazo de exposición e audiencia estenderase desde o día seguinte á primeira publicación ata a finalización do prazo contado desde a última, para o caso de non ser simultáneas.

Así mesmo, proponse que se faga constar que a falta de presentación de alegacións en prazo suporá que o instrumento aprobado provisionalmente se considerará definitivamente adoptado.

10.- Aprobación definitiva polo Pleno de presentarse alegacións ou suxestións, logo dos informes que se estimen necesarios, entre os que figuraría o de Secretaría, e pase pola correspondente Comisión Informativa.

De non presentarse e como se sinalou, o acordo entenderase elevado a definitivo.

11.- Aprobado definitivamente, o texto da ordenanza haberá de publicarse o seu texto íntegro no BOP de Lugo (art. 17.3 TRLFL), entrando en vigor no momento da súa publicación (art. 17.4 TRLFL).

Así mesmo, segundo os xa referidos art. 7 (en relación co 5.4) da LTBG, e 129.5 da Lei 39/2015, procederase á publicación do seu texto na sede electrónica ou web nos termos de claridade, accesibilidade e reutilización enunciado nos devanditos preceptos.

De terse presentado alegacións, o acordo de aprobación definitiva, en principio e sen prexuízo de estudo segundo os casos, habería para maior seguridade xurídica ser notificado aos alegantes.

En base a todo o anteriormente exposto, é polo que se eleva ao Pleno da Corporación, a formula a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Modificar os artigos da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO do Concello de Meira coa seguinte redacción:

-Art. 2: Natureza, feito imponible e exencións.

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, a realización, en todo o termo municipal de Meira, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivera ou non a dita licenza ou para a que se esixa presentación de declaración



responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este municipio.

2. *Para estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:*

- a) *Construción de toda clase de edificación e instalación de nova planta.*
- b) *Derrubamentos*
- c) *Obras que afecten ao interior ou exterior de edificios.*
- d) *Aliñacións e rasantes.*
- e) *Obras de fontanería e de rede de sumidoiro.*
- f) *Obras que se realicen en cemiterios.*
- g) *Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.*

3. *Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas que requiran a existencia previa dun acordo ou dunha concesión. Nestes casos, a licenza entenderase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adjudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento dos trámites preceptivos.*

4. *Non se entenderán incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións ou obras autorizadas en proxectos de urbanización.*

5.- *Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades autónomas ou as entidades locais, que, estando suxeita ao mesmo, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como da súa conservación.*

Art. 4. Base imponible, cota e devengo.

1. *A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, enténdéndose por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.*

2. *Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material, sempre que a existencia e contía destes conceptos resulten dos respectivos contratos, orzamentos ou documentos suficientemente acreditativos.*

3. *A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.*

4. *O tipo de gravame será do 2 %.*

5. *O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza ou, no seu caso, non se presentase ou non surtise efectos xurídicos a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.*

Art. 9. Bonificacións.

1.- *Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado.*



O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á documentación presentada .

O Concello deberá comprobar, no exercicio seguinte ao de remate das obras e, en todo caso, antes do período de prescrición da débeda, o cumprimento efectivo das condicións de goce do beneficio e, de ser o caso, regularizará a situación tributaria. Para a correcta comprobación do cumprimento dos requisitos o interesado deberá achegar a documentación solicitada polo Concello.

2. As construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo gozarán dunha bonificación do 50%. Para a aplicación desta bonificación será necesario que os colectores obxecto da instalación dispoñan da correspondente homologación administrativa. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte da cota correspondente ás construcións, instalación ou obras destinadas estritamente á fin indicada e en ningún caso se concederá se a construción, instalación ou obra non está amparada pola correspondente licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Para a súa concesión será requisito a solicitude expresa do obrigado ao pago no prazo máximo de tres meses dende a concesión da licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa, acompañando copia do presuposto de obra que determine razoadamente o custo que supón a parte da construción, instalación ou obra bonificable, identificación da licenza de obras ou orde de execución ou declaración responsable ou comunicación previa presentada que a ampara, así como calquera outra documentación que o interesado estime oportuna. A devolución que xere a eventual concesión deste beneficio fiscal recibirá o tratamento a efectos de xuros previsto no artigo 31 da Lei xeral tributaria, aprobada pola Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Este beneficio fiscal terá carácter provisional en tanto polo concello non se proceda á comprobación dos feitos e circunstancias que permitiran o seu desfrute e se dite a correspondente liquidación definitiva, se aprobe se é o caso a correspondente acta de comprobado e conforme ou transcorran os prazos para a súa comprobación.

3. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes aportarán, xunto coa solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa da actuación que se pretende, a correspondente cédula de cualificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa.

4. Aplicarase unha bonificación do 90% a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan para mellorar o acceso e habitabilidade a discapacitados. Entenderanse como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as destinadas a:

- Reforma interior da vivenda para a adecuación á discapacidade de calquera persoa que resida ou vaia residir habitualmente na mesma.*
- Modificación de elementos comúns do edificio que sexan paso necesario entre a vivenda da persoa con discapacidade e a vía pública, tales como escaleiras, ascensores, corredores, portais ou calquera outro elemento arquitectónico.*
- A aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da seguridade de calquera persoa con discapacidade que resida habitualmente nunha vivenda do edificio.*

Non se entenderan como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as que, calquera que sexa o seu destino, se realicen en inmobles que por prescrición normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriedade.

No inmovible no que se van a realizar as obras bonificadas, deberá estar empadroada, e formando parte da unidade de convivencia, a persoa con discapacidade física ou sensorial a longo prazo. A estes efectos o



empadroamento no inmovible deberá manterse, polo menos, desde a data de finalización das obras ata o remate do prazo para realizar a comprobación e/ou inspección fiscal correspondente.

Entenderase que teñen a condición de persoas con discapacidade as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. O grado de discapacidade deberá acreditarse mediante certificado do órgano competente da Xunta de Galicia.

Por parte do Concello valorarase o cumprimento dos requisitos e condicións necesarias para o disfrute desta bonificación coa incorporación ao expediente dos informes da Traballadora Social e do técnico municipal en materia urbanística.

5. Gozarán dunha bonificación do 90% aquelas construcións, instalación e obras que sexan necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos no termo municipal de Meira. Esta bonificación atópase condicionada a que as instalacións dispoñan da homologación pola Administración con competencias na materia.

Segundo.- Proceder á publicación do anuncio da presente modificación no BOP de Lugo, Taboleiro de Anuncios do Concello de Meira e Sede Electrónica para que no prazo de 30 días as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Concluído o período de información pública, resolveranse as reclamacións e suxestións presentadas, se as houbera. No caso de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo inicial.

Cuarto.- O acordo de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza municipal reguladora do ICIO, co texto íntegro da mesma, deberá publicarse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meira, na páxina web (www.concellodemeira.es) e no BOP de Lugo, entrando en vigor no momento da súa publicación definitiva.

Non habendo intervencións o Pleno por unanimidade dos oito concelleiros asistentes, e en votación ordinaria,

ACORDOU:

Primeiro.- Modificar os artigos da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO, coa seguinte redacción:

-Art. 2: Natureza, feito imponible e exencións.

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, a realización, en todo o termo municipal de Meira, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivera ou non a dita licenza ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este municipio.

2. Para estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:

- a) Construción de toda clase de edificación e instalación de nova planta.*
- b) Derrubamentos*
- c) Obras que afecten ao interior ou exterior de edificios.*
- d) Aliñacións e rasantes.*
- e) Obras de fontanería e de rede de sumidoiro.*
- f) Obras que se realicen en cemiterios.*



g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas que requiran a existencia previa dun acordo ou dunha concesión. Nestes casos, a licenza entenderase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adjudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento dos trámites preceptivos.

4. Non se entenderán incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións ou obras autorizadas en proxectos de urbanización.

5.- Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades autónomas ou as entidades locais, que, estando suxeita ao mesmo, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como da súa conservación.

Art. 4. Base imponible, cota e devengo.

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

2. Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material, sempre que a existencia e contía destes conceptos resulten dos respectivos contratos, orzamentos ou documentos suficientemente acreditativos.

3. A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.

4. O tipo de gravame será do 2 %.

5. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza ou, no seu caso, non se presentase ou non surtise efectos xurídicos a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Art. 9. Bonificacións.

1.- Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado.

O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á documentación presentada .

O Concello deberá comprobar, no exercicio seguinte ao de remate das obras e, en todo caso, antes do período de prescrición da débeda, o cumprimento efectivo das condicións de goce do beneficio e, de ser o caso, regularizará a situación tributaria. Para a correcta comprobación do cumprimento dos requisitos o interesado deberá achegar a documentación solicitada polo Concello.

2. As construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo gozarán dunha bonificación do 50%. Para a aplicación desta bonificación será necesario que os colectores obxecto da instalación dispoñan da correspondente homologación administrativa. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte da cota correspondente ás construcións, instalación ou obras destinadas estritamente á fin indicada e en ningún caso se concederá se a construción, instalación ou



obra non está amparada pola correspondente licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Para a súa concesión será requisito a solicitude expresa do obrigado ao pago no prazo máximo de tres meses dende a concesión da licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa, acompañando copia do presuposto de obra que determine razoadamente o custo que supón a parte da construción, instalación ou obra bonificable, identificación da licenza de obras ou orde de execución ou declaración responsable ou comunicación previa presentada que a ampara, así como calquera outra documentación que o interesado estime oportuna. A devolución que xere a eventual concesión deste beneficio fiscal recibirá o tratamento a efectos de xuros previsto no artigo 31 da Lei xeral tributaria, aprobada pola Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Este beneficio fiscal terá carácter provisional en tanto polo concello non se proceda á comprobación dos feitos e circunstancias que permitiran o seu desfrute e se dite a correspondente liquidación definitiva, se aprrobe se é o caso a correspondente acta de comprobado e conforme ou transcorran os prazos para a súa comprobación.

3. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes aportarán, xunto coa solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa da actuación que se pretende, a correspondente cédula de cualificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa.

4. Aplicarase unha bonificación do 90% a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan para mellorar o acceso e habitabilidade a discapacitados. Entenderanse como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as destinadas a:

- Reforma interior da vivenda para a adecuación á discapacidade de calquera persoa que resida ou vaia residir habitualmente na mesma.*
- Modificación de elementos comúns do edificio que sexan paso necesario entre a vivenda da persoa con discapacidade e a vía pública, tales como escaleiras, ascensores, corredores, portais ou calquera outro elemento arquitectónico.*
- A aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da seguridade de calquera persoa con discapacidade que resida habitualmente nunha vivenda do edificio.*

Non se entenderan como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as que, calquera que sexa o seu destino, se realicen en inmobles que por prescrición normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriamente.

No inmovible no que se van a realizar as obras bonificadas, deberá estar empadroada, e formando parte da unidade de convivencia, a persoa con discapacidade física ou sensorial a longo prazo. A estes efectos o empadroamento no inmovible deberá manterse, polo menos, desde a data de finalización das obras ata o remate do prazo para realizar a comprobación e/ou inspección fiscal correspondente.

Entenderase que teñen a condición de persoas con discapacidade as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. O grao de discapacidade deberá acreditarse mediante certificado do órgano competente da Xunta de Galicia.

Por parte do Concello valorarase o cumprimento dos requisitos e condicións necesarias para o desfrute desta bonificación coa incorporación ao expediente dos informes da Traballadora Social e do técnico municipal en materia urbanística.

5. Gozarán dunha bonificación do 90% aquelas construcións, instalación e obras que sexan necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos no termo municipal de Meira. Esta bonificación atópase condicionada a que as instalacións dispoñan da homologación pola Administración con competencias na materia.”



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Segundo.- Proceder á publicación do anuncio da presente modificación no BOP de Lugo, taboleiro de anuncios do Concello de Meira e sede electrónica (www.concellodemeira.com) para que no prazo de 30 días as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Concluído o período de información pública, resolveranse as reclamacións e suxestións presentadas, se as houbera polo Pleno de Corporación. No caso de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo inicial.

Cuarto.- O acordo de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza municipal reguladora do ICIO, co texto íntegro da mesma, deberá publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Meira, na páxina web (www.concellodemeira.es) e no BOP de Lugo, entrando en vigor no momento da súa publicación definitiva.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde na data da sinatura electrónica.

A secretaria accidental

Visto e prace
O alcalde accidental
Agustín Méndez Moirón

Documento asinado electrónicamente

